

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, E TURISMO, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OURENSE, PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DA POSTA EN VALOR DA PONTE VELLA DE OURENSE

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura e Turismo, en virtude das facultades atribuídas polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, que modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Jesús Vázquez Abad, na súa condición de alcalde do Concello de Ourense, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense na calidade coa que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Desde que foi construída no século I e ao longo de toda a historia a Ponte Vella constituíuse como unha infraestrutura estratéxica para as comunicacións e para o desenvolvemento da cidade de Ourense.

Hoxe, conta cunha relevancia que transcende o seu uso histórico. Polo seu alto valor cultural, xa que foi declarado monumento histórico-artístico no ano 1961, e sobre todo, por terse convertido nun dos principais emblemas e reclamos turísticos da cidade.

Con este motivo, o 14 de setembro de 2015 asinou un acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Ourense, para a posta en valor da ponte vella de Ourense, que con base no “Estudo básico de actuacións na fábrica e o entorno da ponte vella de Ourense” propoñía acometer un total de 15 propostas de actuación, tanto na Ponte Romana como no seu contorno. Estas propostas programáronse en dúas fases, a primeira delas centrada na posta en valor da propia ponte e a segunda na súa contorna.

En desenvolvemento do protocolo, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria executaron as obras da primeira fase, asignándose os traballos de acordo con cadansúa especialización. Así, o 11/12/2015 a Axencia Galega de Infraestruturas licitou as obras de “Proxecto básico e de execución da 1ª fase de posta en valor da Ponte Vella, Ourense (traballos de calzada e iluminación)” por importe de 304.110,98 €, obras recibidas con data 26/01/2017. Con estas obras executouse a renovación do pavimento, a iluminación interior, a iluminación dos estribos e a iluminación exterior artística. Pola súa parte, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria licitou con data 15/12/2015 a obra “Proxecto básico e de execución da primeira fase de posta en valor da Ponte Vella de Ourense. Traballos de conservación”, por importe de 219.353,24 €, rematándose as obras a finais do ano 2016.

Unha vez rematadas, comezouse a traballar no proxecto da segunda fase prevista no protocolo, e con data 05/09/2017 contratouse a redacción do proxecto “Posta en valor da Ponte Vella de Ourense. 2ª Fase de intervención”, que foi dirixido dende a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en coordinación coa Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Ourense. A execución das obras previstas neste proxecto é o obxecto deste convenio.

Cómpre, por tanto, formalizar a colaboración activa entre a agora Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Ourense, para traballar de forma coordinada na execución do proxecto “Posta en valor da Ponte Vella de Ourense. 2ª Fase de intervención”. A Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á Consellería de Infraestruturas e

Mobilidade, como titular da ponte en canto a que forma parte do Dominio Público Viario, a Consellería de Cultura e Turismo por tratarse dun Ben protexido e declarado como de Interese Cultural, e o concello de Ourense por ser titular de terreos e instalacións afectadas pola execución das obras.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, formalízase o presente protocolo con suxeición ás seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración e coordinación entre as partes para a execución das obras de "Posta en valor da Ponte Vella de Ourense. 2ª Fase de intervención", de acordo co proxecto redactado pola Axencia Galega de Infraestruturas e dirixido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As obras recollidas no proxecto consisten fundamentalmente en:

- Actuacións sobre a ponte:
 - Limpeza da antiga caseta dos legoeiros
 - Limpeza de paramentos da ponte
- Mellora da contorna da ponte na capela dos Remedios
 - Substitución de varanda
 - Acondicionamento e restrición do acceso no vial que conecta coa N-120.
- Mellora da accesibilidade na contornada ponte:
 - Reforma da baixada ao paseo das Ninfas, adaptando a súa configuración para a cumprir a normativa de accesibilidade.
 - Acondicionamento de camiños na contorna e baixo a ponte.
- Eliminación da pista de skate anexa á capela e reconstrución da mesma.

O investimento necesario para levar a cabo as obras ascende a **1.152.025,39 €**, que se corresponden con:

- Contrato de execución das obras, de acordo co proxecto redactado, ascende a 1.095.763,90 €.

- Contratos de servizo necesarios para a dirección das obras e a coordinación de seguridade e saúde, que ascenden a 56.261,49 €.

SEGUNDA.- Compromiso das partes

A Consellería de Cultura e Turismo:

- Supervisará e aprobará o proxecto de "Posta en valor da Ponte Vella de Ourense. 2ª Fase de intervención".
- Responsabilizarase do seguimento técnico dos contratos de obra e de servizo previstos neste convenio.
- No suposto da existencia dun modificado sobre o contrato de obras, elaborará o informe técnico de supervisión.
- En relación á tramitación das certificacións de obra e, de ser o caso, á liquidación do contrato, sen prexuízo das funcións que ao respecto correspondan ao director facultativo, as mesmas deberán de ser visadas pola unidade que designe a tal efecto a Consellería de Cultura e Turismo.
- Participará na recepción das obras de forma coordinada cos representantes da AXI que participen na mesma representando ao Órgano de Contratación.
- Realizará o asesoramento técnico que sexa preciso para o desenvolvemento das accións previstas neste convenio.

A Axencia Galega de Infraestruturas:

- Licitará e contratará as obras.
- Achegará o financiamento preciso para a execución das mesmas.

O concello de Ourense:

- Porá a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas os bens e terreos da súa titularidade necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras e que se acreditará mediante certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade antes do inicio das obras.
- Esta libre disposición será realizada segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así

mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións.

- Non haberá liquidación algunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello titular das mesmas.

Concluídas as obras, a Axencia Galega de Infraestruturas comunicarlle esa circunstancia ao Concello de Ourense, que poderá designar un representante para a súa recepción. Corresponderalle ao Concello de Ourense a titularidade das obras executadas sobre o dominio público municipal, e polo tanto a súa explotación, mantemento e conservación das obras realizadas e os seus servizos, e comprométese a formalizar a correspondente acta de entrega no prazo máximo de un mes dende a comunicación da recepción, téndose por entregadas se o concello non a formaliza.

TERCEIRA.- Financiamento das actuacións

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará a execución das obras obxecto deste convenio, destinando para este fin ata un máximo de **UN MILLÓN CENTO CINCUENTA E DOUS MIL VINTE E CINCO EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (1.152.025,39 €)** IVE engadido, con cargo aos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, aplicación 08.A1.512B.600.1, código de proxecto 2016-00012, de acordo coa distribución seguinte:

Ano	Importe (€)
2019	500.000,00
2020	652.025,39
TOTAL	1.152.025,39

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente no 2019.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas, un representante da Consellería de Cultura e Turismo e un representante do Concello de Ourense. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

Poderán asistir, como asesores, os técnicos que xulgue conveniente cada unha das partes. En calquera caso, estes asesores participarán con voz pero sen voto.

QUINTA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polas súas cláusulas, polos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente polos principios da Lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, do 8 de novembro), consonte o que dispón o seu artigo 4.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

SEXTA.- Modificacións do convenio

As modificacións formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación,

de acordo coa normativa de contratos administrativos, que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio. En todo caso, os compromisos de gasto aprobados pola Axencia Galega de Infraestruturas, recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula terceira do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

SÉTIMA.- Resolución

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola Presidencia da Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

OITAVA. Publicidade

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes comparecentes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no seu texto e mailo resto de especificacións que contén, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo

gobierno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas publicara no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial.

NOVENA. Vixencia do convenio

Este convenio terá efecto a partir da data da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras de acordo cos prazos establecidos nos proxectos ou a que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as administracións afectadas, se así se estimase, mediante a tramitación da correspondente addenda.

En todo caso, a efectos económicos, a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2020; non obstante, seguirá producindo efectos en tanto en canto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A Presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

Ethel Vázquez Mourelle

O Conselleiro de Cultura
e Turismo

Román Rodríguez González

O alcalde do Concello
de Ourense

Jesús Vázquez Abad